

# BOLETÍN APOEGAL

Boletín Dixital da Asociación Profesional  
de Orientación Educativa de Galicia

Nº 5 – DECEMBRO 2006



**A Asociación Profesional  
de Orientación Educativa de Galicia  
constitúese no ano 2004 co obxectivo de defender e promover  
a Orientación Educativa en tódalas súas vertentes**

APOEGAL é membro de:



# ÍNDICE DE CONTIDOS

DOCUMENTO DE REIVINDICACIÓNS.....	2
APOEGAL E AS TICS.....	6
A ORIENTACIÓN EDUCATIVA E OS SINDICATOS GALEGOS.....	7
III ENCONTRO NACIONAL DE ORIENTACIÓN.....	10
TRIBUNA ABERTA.....	17
CONTACTA CON NÓS.....	19

# DOCUMENTO DE REIVINDICACIÓN

A Comisión Asesora de APOEGAL, composta por todos aqueles socios e socias que quixeron aportar as súas ideas e suxerencias, e coordinada por Luis Alberto Varela, elaborou un documento de reivindicacións en relación á Orientación en Galicia para facelo chegar á Administración. A finalidade é a de que teñan en conta as nosas propostas á hora de redactar normativas que podan afectar ao noso colectivo.

O reproducimos na súa totalidade.

A **Asociación Profesional de Orientadores Educativos de Galicia** (APOEGAL), quere facer as seguintes propostas para que sexan valoradas e tidas en conta na redacción das normativas que podan afectar ó colectivo de orientadores e orientadoras educativos:

- A creación dunha **nova figura no marco da orientación educativa e profesional**. Este novo orientador ou orientadora, tería unhas funcións de coordinación xeral entre os orientadores dun determinado ámbito que podería ser provincial ou comarcal. Esta figura xa existe na estrutura dos servicios de orientación doutras comunidades autónomas
- A consideración, dentro dos horarios lectivos do profesorado, dunha **hora semanal de coordinación entre os titores e o xefe/a do departamento de orientación**, para desenvolver as actividades propias do Plan de Acción tutorial. Esta hora xa é unha realidade na práctica diaria de moitos centros educativos, e consideramos necesario que se inclúa nos diferentes regulamentos orgánicos.
- Facilitar a **coordinación entre os diferentes membros dos departamentos de orientación**, sobre todo nos CPIs, onde a configuración destes departamentos aglutina a un número de profesionais tan amplo que resulta difícil a súa coordinación. De non ser así, sería conveniente cambiar a composición do Departamento de Orientación por unha estrutura máis operativa, xa que nestes CPIs, o Departamento de orientación e a Comisión de Coordinación Pedagóxica están formados case polas mesmas persoas, dando lugar a dobres reunións difíciles de desenvolver dentro do horario escolar.

# DOCUMENTO DE REIVINDICACIONES

- A necesaria clarificación sobre a figura que debe asumir a xefatura dos departamentos de orientación, xa que, de acordo coa redacción da normativa vixente, hai certas ambigüidades que convén aclarar. En relación con isto, esiximos, desde a nosa asociación, **cumplir co requisito da licenciatura en psicología, pedagogía ou psicopedagogía para desempeñar as funcións propias da xefatura dos departamentos de orientación** dos diferentes tipos de centros do noso sistema educativo, sobre todo naquelas que teñan que ver, directamente, coa realización das avaliacións psicopedagóxicas.
- Consideramos que **todos os orientadores de secundaria deben ter as mesmas oportunidades de acceso á información**, polo que esiximos que nas convocatorias de xornadas de formación (sobre Formación Profesional, estudos universitarios ou programas europeos) se inclúan aos orientadores dos CPIs e centros concertados. A orientación profesional e vocacional non empeza no bacharelato, senón na etapa obrigatoria.
- Igualmente, consideramos necesaria a equiparación dos departamentos de orientación dos centros de educación infantil, primaria e centros concertados cos dos demais centros educativos, no relativo á disposición de presuposto propio, dotación de recursos materiais e acceso ás actividades formativas.
- Dispoñer dunha **hora de titoría explícita nas etapas educativas de Infantil, Primaria, Bacharelato e Ciclos Formativos**. ¿Acaso a orientación educativa é menos importante nesas etapas educativas?
- Debería existir **titorización dos orientadores noveis** (primeiro ano de interino e durante a fase de prácticas, debido a que ó comenzo non se coñece o funcionamento interno dos centros, dada a amplitude de funcións existentes e a falta de experiencia.
- **Aumentar a plantilla de orientadores educativos**. Plantexamos a existencia de máis dun especialista en Psicología-Pedagogía en Centros de Ensinanza Secundaria e Primaria de máis de 500 alumnos-as e en Centros Públicos Integrados cando teñan máis de 300 alumnos-as. Do mesmo xeito, consideramos necesaria a creación de departamentos de orientación en centros educativos con oito ou máis unidades.

- Danse considerables **desaxustes na rede de centros adscritos a efectos de orientación**. Os criterios que se seguen non son en moitos casos os máis convenientes, observándose, na práctica, descompensacións importantes. Así hai centros cun número importante de alumnado e/ou problemáticas específicas con varios centros adscritos e outros centros cercanos a esa mesma zona educativa con menor número de alumnado e/ou problemática con poucos ou ningún centro adscrito. Unha das alternativas para mellorar a adscrición dos centros, a parte dunha mellor distribución, é crear a figura do orientador itinerante, que se responsabilice de varios centros incompletos dunha mesma zona educativa. Nestes momentos, non estamos conformes con que os CEIPs que teñen o primeiro ciclo da ESO, estean adscritos a un IES ou CPI, xa que un número importante destes alumnos-as son de secundaria e teñen dereito a unha orientación continuada, e non puntual e de asistencia.
- Consideramos a **atención á diversidade, en xeral, como unha asignatura pendente da educación**, cuxa resolución definitiva parece non interesar a ninguén. Concretamente, a forma actual de organizar os apoios non funciona e dáse unha falta de implicación e coordinación dos-as profesores-as de aula cos de Pedagogía Terapéutica. Os diferentes departamentos, sobre todo os referidos ás materias troncais, deberían contemplar algún período lectivo para desenvolver actividades de reforzo e apoio.

Ourense, a 30 de novembro de 2006

A Xunta directiva de APOEGAL

## ESTREAMOS SECCIÓN WEB...

¿Xa coñeces o blog de APOEGAL? Pois se aínda non, estás a tempo de visitalo en <http://apoegal.blogia.com/> Ademáis na dereita da páxina, en enlaces, podes entrar na nova sección creada por Daniel Veiga e os compoñentes da Comisión de Recursos <http://recursosapoegal.blogia.com/>. Nela iranse colgando recursos interesantes e útiles para a nosa labor orientadora. Para conseguilo contamos coa túa valiosa aportación que pode chegar en forma de materiais, propostas, comentarios ou suxerencias.

## ...E INVITÁMOSTE AO CORREO GMAIL

Se es socio de APOEGAL, e estás canso de recibir excesivo spam e mensaxes infectados por virus, invitámoste a utilizar o correo e o chat de Gmail (totalmente gratis, por suposto). Estas aplicacións, vinculadas a Google, supoñen un novo servizo de correo web que, entre outros, ofrece:

- Más de 2.500 megabytes de almacenamento gratuito
- Servizo de búsqueda de Google incorporado que encontra de forma inmediata calquera mensaxe
- Organización automática en "conversacións" das mensaxes e as respostas relacionadas.
- Protección eficaz contra o spam coa innovadora tecnoloxía de Google
- Non hai molestos anuncios de gran tamaño, samente anuncios de pouco texto e páxinas relacionadas que son relevantes para o contido das túas mensaxes.

Por outra banda, utilizando o navegador FIREFOX obterás maiores prestacións. Antes de decidirte, podes obter máis información en <http://atajos.es/utilidades>

En resumen, se desexas recibir unha conta gmail gratuita, envíanos a [apoegal@yahoo.es](mailto:apoegal@yahoo.es) un correo escribindo no asunto da mensaxe: "Desexo conta gmail".

## Os sindicatos e a orientación educativa

Eduardo Ares Vieito  
Comisión de Publicacións  
[aresvieito@edu.xunta.es](mailto:aresvieito@edu.xunta.es)

O día 30 de novembro de 2006 celebráronse as eleccións sindicais do sector de ensinanza non universitario. No ámbito estatal Comisións Obreiras resultou a gañadora. O segundo máis votado foi o STES. A continuación, ANPE e finalmente UGT e CSIF.

En Galicia, a CIG obtivo un total de 53 delegados, CCOO 27, UXT 22, ANPE 17, STEG 14 e CSIF 3. Os distintos sindicatos propoñen a mellora da orientación escolar en base as seguintes reivindicacións:

### CC.OO

- Redución por titoría: 3 horas lectivas na ESO e FP, 2 en infantil- primaria e bacharelato.
- Reforzo da acción titorial e departamentos de orientación.
- Persoal de novo perfil ( os centros disporán doutro persoal : educadores, traballadores sociais...) que non realizarán tarefas docentes e que atenderán o alumnado con problemas de integración social.

#### En educación infantil e primaria:

- Extensión da cobertura de departamentos de orientación.
- Catálogo específico para os centros de educación especial, atendendo a súa realidade: incrementos de postos de PT, ALE, departamento de orientación, cuidadores, etc.
- Catalogación de postos de PT e AL en todos os centros de secundaria para ofertar sen restricións no concurso de mestres.
- Negociación dun plan marco para a atención á diversidade.
- En pedagogía terapéutica creárase un primeiro posto a partir de 4 unidades, e o segundo a partir de 12, contando infantil e primaria.
- Creáranse postos de orientación e AL en todos os centros completos. A atención da orientación en centros incompletos terase que facer co profesorado compartido.

#### No ensino secundario:

- Proxecto de educación compensatoria. Profesorado de apoio para a atención de poboación inmigrante.
- Creación dunha segunda praza da especialidade de psicoloxía e pedagogía nos centros catalogados como A e B.

#### Adultos:

- Incorporar postos de orientación en todos os centros de adultos.

Para máis información: [www.ccooensino.net](http://www.ccooensino.net)

## CIG

Dotación de persoal suficiente para que a orientación escolar se contemple en tres niveis: o primeiro nivel, mediante a potenciación da titoría. O segundo nivel, mediante a xeneralización dos departamentos de orientación nos centros de educación infantil e primaria, catalogando un orientador/a en centros de 6 ou máis unidades. Por cada 12 unidades máis catalogarase un novo posto de psicoloxía/pedagoxía . O terceiro nivel, mediante o fortalecemento, o aumento e comarcalización dos equipos específicos e a creación dos equipos de sector para as unitarias e centros incompletos.

### En Educación Infantil e Primaria:

- Prover todos os centros de orientador/a escolar e de profesorado de PT e AL.
- Reforzo da titoría mediante a redución horaria lectiva.
- Organización de postos de orientador/a en todos os centros de educación infantil e/ou educación primaria de 6 o máis unidades. Catalogarase un posto de apoio á atención das necesidades educativas especiais por cada 6 unidades. Até centros de 6 unidades, un posto de PT. En centros de 12 unidades, 1 posto de PT e AL. En centros de 18 unidades, 2 postos de PT e 1 de AL e así sucesivamente.

### Secundaria:

- Formación nos propios centros sobre a atención á diversidade, así como a elaboración de materiais de apoio.
- Catalogación de postos de PT e AL en todos os centros que se imparta a ESO.
- Catalogación dun/dunha psicólogo/a ou pedagogo/a cada 12 unidades e dotación de educadores e asistentes sociais en centros que impartan ESO.
- Redución de 3 horas lectivas para os titores e as titoras de grupo e redución de 3 a 9 horas, segundo o número de unidades de centro, para os titores de ámbito.
- Creación dunha Unidade Técnica de coordinación, programación e planos de actuación específicos no campo da orientación.
- Plano de formación efectiva para todos os orientadores.

Máis información en [www.cig-ensino.com](http://www.cig-ensino.com)

## CSI-CSIF

La función tutorial será catalogada, voluntaria y retribuida y con un mínimo de tres horas de reducción lectiva.

Para más información :  
[www.csi-csif.es/galicia](http://www.csi-csif.es/galicia)



## ANPE

- Titorías retribuídas.
- Incremento do profesorado de apoio e doutros profesionais (auxiliar educativo en Infantil, educadores sociais en Secundaria).

Para máis información:

[www.anpegalicia.com](http://www.anpegalicia.com)

## FETE-UGT

- Redución de horario lectivo para os titores.
- Cerrar o mapa de orientación de Galicia dotando de orientadores de infantil e primaria a todos os centros completos, un segundo orientador nos centros de secundaria que teñan máis de 500 alumnos e impartan distintas ensinanzas, dotación de orientadores a todos os centros específicos de educación especial.
- Ademais en secundaria: intervención de profesionais especialistas como educadores sociais, traballadores sociais, asistentes sociais...

## STEG

### Na educación primaria:

- Especialistas de PT e AL en todos os centros. Profesorado de apoio ás tarefas educativas en centros que escolaricen a alumnado con NEE.
- Creación do departamento de orientación escolar en cada centro. Inclusión no seu cadro de educadores/as sociais.

### - Na educación secundaria:

- Aumentar os departamentos de orientación en todos os centros; creación dunha nova praza de psicopedagogía por cada 350 alumnos ou fracción, a partir de 16 unidades de ESO ou en centros de especial dificultade, cun incremento proporcional do profesorado de ámbito e do resto de profesionais adcritos ao departamento. Creación e dotación de prazas dos ámbitos científico- tecnolóxico, sociolingüístico e da área práctica. Inclusión no mesmo dun profesor/a de PT e outro de AL, un/a educador/a social, un profesor/a de educación compensatoria.

Para máis información:

[www.stegsindicato.org](http://www.stegsindicato.org)

## Zaragoza, sede del III Encuentro Nacional de Orientadores

Ana Torres Jack

Vocal de Comunicación de APOEGAL y de COPOE

[anatjack@edu.xunta.es](mailto:anatjack@edu.xunta.es)

El III Encuentro Nacional de Orientadores y I Encuentro Internacional Virtual se celebrará en el Auditorio de Zaragoza los días 9, 10 y 11 de marzo de 2007. El evento, promovido por la COPOE (Confederación de Asociaciones de Psicopedagogía y Orientación de España) y organizado por la Asociación Aragonesa de Psicopedagogía y la Asociación de Psicopedagogía de la Universitat Oberta de Catalunya, reunirá a más de medio millar de profesionales de toda España. Además, por primera vez en un encuentro nacional, orientadores de otros países tendrán la oportunidad de participar en el mismo a través de internet, vía que permitirá incluso la presentación de comunicaciones.

El lema que presidirá el Encuentro, “*Por una orientación a lo largo de la vida*”, alude a la necesidad de mejorar la convivencia, el desarrollo personal y la calidad de vida de todos los miembros que conforman la sociedad actual, cada vez más diversa, exigente y cambiante. Todos estos temas serán abordados por profesionales de reconocido prestigio de los campos de la psicología, la pedagogía, la educación, la sociología y la orientación.

Todos los socios de APOEGAL, como organización perteneciente a COPOE, cuentan con un 25% de descuento en la cuota de inscripción (ver cuadro de tarifas). Además del programa y la normativa para la presentación de pósters y comunicaciones, que incluimos a continuación, podéis encontrar amplia información sobre alojamiento, organización e inscripción en la página oficial del Encuentro <http://www.psicopedagogia-aragon.com/>.

Desde APOEGAL, siempre que exista un número suficiente de socios interesados, se facilitará la organización del desplazamiento y del alojamiento, al igual que se hizo en las dos anteriores ediciones (Toledo, 2003; y Mérida 2005). Los que deseáis participar podéis enviar vuestros datos (nombre, centro de trabajo, DNI y teléfono de contacto) al correo [apoegal@yahoo.es](mailto:apoegal@yahoo.es) indicando en el asunto III Encuentro Nacional de Orientación.



## PROGRAMA

**VIERNES 9 DE MARZO 2007**

**11 h. Acreditación y entrega de material**

**16 h. Acreditación y entrega de material**

**17 h. Presentación del Encuentro y Discursos inaugurales**

**D<sup>a</sup> Mercedes Cabrera Calvo-Sotelo.** Excma. Ministra de Educación y Ciencia.

**D<sup>a</sup> Eva Almunia Badía.** Excma. Consejera de Educación, Cultura y Deporte del Gobierno de Aragón.

**D<sup>a</sup> Carmen Gallego Ranedo.** Excma. Teniente de Alcalde de Educación y Acción Social del Ayuntamiento de Zaragoza.

**D. Felipe Pétriz Calvo.** Rector Magnífico de la Universidad de Zaragoza.

**D. Juan Antonio Planas Domingo.** Presidente del Comité Organizador.

**D. José Luis Soler Nages.** Presidente del Comité Científico del III Encuentro Nacional de Orientadores.

**D. Jesús Alquézar Pérez** Presidente del Comité Científico del I Encuentro Virtual Internacional.

**17,30 h. CONFERENCIA INAUGURAL:**

**“Orientación y convivencia: reflexividad, transversalidad y experiencia de la escolaridad”**

**MARIANO FERNÁNDEZ ENGUITA.** Catedrático de Sociología de la Universidad de Salamanca.

Presenta: José Luis Soler Nages (AAP)

**18,45 PAUSA CAFÉ**

**19 h. MESA REDONDA: “La convivencia educativa: Papel de la Orientación ”**

Intervienen:

\* **ANDRÉS GONZÁLEZ BELLIDO.** Vicedecano del Colegio Oficial de Psicólogos de Cataluña y Máster en riesgos laborales.

\* **MIGUEL ANGEL MODREGO GONZÁLEZ.** Director del CPR de Alcañiz (Teruel).

\* **EDUARDO MARCO VALLE.** Orientador del EOEP Plana de Huesca.

Modera: Mar Martín Ayllón (AAP)

**PROGRAMA CULTURAL:**

**20,30 h. Recepción en el Ayuntamiento de Zaragoza y vino de honor**

**22 h. Recorrido turístico por la ciudad**

(En la documentación se entregará información puntual de cada una de las visitas)

**SÁBADO 10 DE MARZO 2007**

## **9 h. CONFERENCIAS PARALELAS:**

### **· “Orientación y Atención a la Diversidad”**

**M<sup>a</sup> TERESA TOCA LÓPEZ DE TORRE** .Doctora en Ciencias de la Educación. Servicio de Atención a la Diversidad, Multiculturalidad e Inmigración del Dto. de Educación de Navarra.

### **· “Orientación a lo largo de la vida”**

**FREDÉRIC J. COMPANY FRANQUESA**: Universitat Ramon Llull de Barcelona y Asesor del Equipo Rector para el Espacio Europeo de la Educación Superior.

Miembro del Grupo de trabajo de la Comisión Europea “Orientación a lo largo de toda la vida”.

### **· “Orientación para el ocio y el tiempo libre”**

**ALVARO RODRÍGUEZ DÍAZ**. Doctor en Sociología. Universidad de Sevilla .

### **· “Orientación para la mejora de la convivencia”**

**JOSÉ LUIS SOLER NAGES**. Doctor en Ciencias de la Educación. Universidad de Zaragoza.

### **· “Orientación y sociedad de la información”**

**LUIS BARRIOCANAL CANTORAL**. Orientador y webmaster de Orientaeduc.com.

### **· “Orientación Universitaria”**

**ELISA GÓMEZ DE MENA**. Técnica superior de Universa.

Presenta: Pilar Arranz (AAP)

## **10 h. COMUNICACIONES Y TALLERES:**

**Exposiciones, talleres, experiencias y pósters relacionados con las seis áreas del Encuentro:**

- 1. Orientación y Atención a la Diversidad**
- 2. Orientación a lo largo de la vida**
- 3. Orientación para el ocio y el tiempo libre**
- 4. Orientación para la mejora de la convivencia**
- 5. Orientación y Sociedad de la Información**
- 6. Orientación Universitaria**

**11 h. PAUSA CAFÉ**

**11,30 h. Continuación COMUNICACIONES Y TALLERES**

**14 h. ALMUERZO**

**SÁBADO 10 DE MARZO 2007 (CONTINUACIÓN)**

**16,30 h. MESA REDONDA: “La Orientación y la escuela inclusiva”**

\* **JOAQUÍN GAIRÍN SALLÁN.** Doctor en Ciencias de la Educación y Catedrático de Pedagogía de la Universidad Autónoma de Barcelona.

\* **LORENZO TÉBAR BELMONTE.** Doctor en Ciencias de la Educación. Director del Departamento de Renovación Pedagógica de la FERE.

\* **ROSA BORBONÉS.** Psicóloga de la Fundación Catalana de Síndrome de Down. Representante de la plataforma per una Escola Inclusiva.

Moderador: Jesús Ibáñez Bueno (AAP)

**18 h. PAUSA CAFÉ**

**18,30 h. COMUNICACIONES Y TALLERES:**

**Exposiciones, talleres, experiencias y pósters relacionados con las seis áreas del Encuentro:**

1. **Orientación y Atención a la Diversidad**
2. **Orientación a lo largo de la vida**
3. **Orientación para el ocio y el tiempo libre**
4. **Orientación para la mejora de la convivencia**
5. **Orientación y Sociedad de la Información**
6. **Orientación Universitaria**

**PROGRAMA CULTURAL:**

**20,30 h. “Visita guiada al Palacio de la Aljafería”**

**22,30 h. Cena de gala: “Restaurante El Foro”**

# III ENCUENTRO NACIONAL DE ORIENTADORES

DOMINGO 11 DE MARZO 2007

## 9,30 h. CONFERENCIA: “Los nuevos retos de la atención a la diversidad”

**JOSÉ ANTONIO MARINA TORRES.** Catedrático de Filosofía y Doctor honoris causa de la Universidad Politécnica de Valencia.

Presenta: Isabel Bueso (AAP)

## 10,30 h. PAUSA CAFÉ

### 11 H. MESA REDONDA: “La Orientación para el trabajo”

\* **YOLANDA CARRILLO ANDRÉS.** Área de Orientación e Inserción de CEPYME/Aragón

\* **CRISTINA ALQUÉZAR LÓPEZ.** Orientación Laboral del Instituto Municipal de Empleo y Fomento Empresarial de Zaragoza.

\* **MONTSERRAT OLIVERAS BAGUÉS.** Psicóloga. Directora de Educaweb.com.

\* **PEDRO PARACUELLOS MASSARO.** Coordinador de Servicios para el Empleo de CCOO de Aragón.

\* **CARIDAD SEBASTIÁN EDO.** Orientadora laboral de UGT Aragón.

\* **JUAN CARLOS DEHESA CONDE.** Representante de la CREA

Modera: Jose María Grau (INAEM)

## 12,15 h. LECTURA DE CONCLUSIONES DEL III ENCUENTRO NACIONAL DE ORIENTADORES.

Pilar Arranz Universidad e Zaragoza (AAP)

## LECTURA DE CONCLUSIONES DEL I ENCUENTRO INTERNACIONAL VIRTUAL.

Lucía Suárez Rodríguez. Vicepresidenta de la APUOC y responsable del Comité Organizador del I Encuentro Internacional Virtual de Orientación.

**12,30 h. HOMENAJE AL PROFESOR Jose Antonio Benavent Oltra .** Doctor en Filosofía y Letras (Pedagogía). Profesor titular de "Orientación educativa"

Universitat de València. Presidente de la Asociación Valenciana de Orientación y Psicopedagogía.

Presenta: Marisa Fernández (AAP)

## 13,00 h. CLAUSURA DEL ENCUENTRO

## PARTICIPACIÓN EN COMUNICACIONES, TALLERES, EXPERIENCIAS O PÓSTERS

### Condiciones Generales

Podrán presentarse comunicaciones tanto al Encuentro presencial como al Encuentro virtual, o a ambos, con la particularidad de que las comunicaciones presentadas y seleccionadas para el Encuentro presencial deberán ser defendidas personalmente por el comunicante o comunicantes. Es preciso que, al menos, uno de los comunicantes esté inscrito en el Encuentro. Sólo se expondrán aquellas seleccionadas por el Comité Científico y que hayan expresado su intención de tal exposición. El Comité Científico enviará una contestación individualizada sobre si se ha seleccionado o no. En el caso del Encuentro presencial se especificará el día y hora de la intervención.

Todas las comunicaciones se presentarán en idioma castellano.

El plazo para recibir propuestas de comunicación acaba el día **30 de diciembre de 2006**.

### Comunicaciones I Encuentro Internacional Virtual de Orientación

Estas propuestas han de indicar los datos siguientes:

Nombre del autor (o de los autores)

Institución

Dirección electrónica del autor (principal)

Título de la comunicación propuesta

Área (entre los cinco núcleos temáticos) en que se enmarca la comunicación propuesta

Titulación (si procede) objeto de tratamiento en la comunicación propuesta

Resumen de la comunicación propuesta (250-300 palabras)

Hasta el día 15 del mes de enero todas las propuestas serán analizadas por parte del comité científico, y la organización comunicará su decisión a todos los autores. En el caso de las propuestas aceptadas, los autores descargarán la hoja de estilo “comunicaciones” y habrán de hacer llegar a la organización el texto definitivo antes del **7 de febrero de 2007**. Deberán contar, al menos, con los siguientes apartados: objetivos, metodología, resultado y conclusiones. Envíen esta propuesta en un fichero Word o Write por correo electrónico a [apuoc@uoc.edu](mailto:apuoc@uoc.edu). Para más información sobre el Encuentro Virtual, pueden ponerse en contacto con la organización mediante esta misma dirección.

## Comunicaciones III Encuentro Nacional de Orientadores

Tanto para la estructura como para los plazos de entrega regirán las mismas condiciones que para el Encuentro Virtual. Serán presentaciones orales acompañadas, si se desea, de apoyo audiovisual e informático. Tendrán una duración máxima de **15 minutos seguidas de un breve coloquio de 5 minutos**. Estarán agrupadas según la temática correspondiente del día de trabajo. La extensión del texto estará entre 2500 -3000 palabras, sin contar el resumen, la bibliografía y las notas. Se adjuntará un **resumen** (entre 250 y 300 palabras) para su selección y posible publicación en el libro de actas si lo estima el Comité Científico. Además habrá que enviar el correspondiente **soporte informático**. (versión word o writte) Deberán contar, al menos, con los siguientes apartados: objetivos, metodología, resultado y conclusiones. Se enviarán al correo electrónico: [aaps@psicopedagogia-aragon.com](mailto:aaps@psicopedagogia-aragon.com) y también por correo ordinario a la dirección de la Asociación Aragonesa de Psicopedagogía.

### Talleres

Consisten en la exposición y comentarios de **materiales y/o experiencias prácticas**. Es posible el apoyo audiovisual. Se pretende un alto nivel de participación de los asistentes y un predominio de los enfoques prácticos. De igual manera, habrá que enviar un **resumen** (entre 100 y 300 palabras) para su selección y posible publicación en el libro de actas si lo estima el Comité Científico. Es necesario remitir el correspondiente **soporte informático**. (versión word) Deberán contar, al menos, con los siguientes apartados: objetivos, metodología, resultado y conclusiones.

### Pósters

Son exposiciones (collages, fotografías, trabajos, etc.) **en forma de murales** sobre experiencias de intervención propias de este Congreso. Las dimensiones de los pósters serán como máximo de **1,50 m. de alto por 1m. de largo**. Estarán expuestos a lo largo del Congreso en espacios habilitados expresamente para ello. También es preciso enviar un resumen sobre las características del póster en formato word. Se habilitarán espacios para su exposición. Y se organizarán tiempos para, quien lo desee, pueda comentar las características del póster expuesto.

CUOTA DE INSCRIPCIÓN	III ENCUENTRO PRESENCIAL	I ENCUENTRO VIRTUAL	AMBOS
Socios de las organizaciones de COPOE	60 euros	30 euros	75 euros
Estudiantes o parados	65 euros	35 euros	80 euros
Profesionales	80 euros	40 euros	100 euros



## O TEU BLOG como guía de información académica

---

Daniel Veiga Martínez  
Vocal de Recursos de APOEGAL  
[veigaorama@gmail.com](mailto:veigaorama@gmail.com)

---



O Departamento de Orientación do I.E.S. “García Barbón” de Verín –Ourense-, ofrece ao alumnado unha actividade formativa que chamamos “Orientarse con internet” (o conxunto da proposta pode visualizarse en: <http://ataja.es/oci20062007> ). Os obxectivos de tal traballo pedagóxico son dous: potencia-lo uso informado de internet e axudar no proceso de información académica e profesional dos adolescentes.

No conxunto das actividades e recursos necesarios para acadar os obxectivos anteditos, a creación e mantemento dun blog –páxina web simple- por parte do alumno/a ten un papel moi importante

Un blog –weblog ou bitácora- é “*unha modalidade de paxina web de autoría preferentemente individual, na que os artigos aparecen ordenados pola data de publicación e que se actualiza de maneira frecuente*”.

Consideramos que os blogs aportan, entre outras, as seguintes vantaxes para o seu uso educativo:

- 1.- Facilitan un sistema sinxelo, rápido e sen coste para publicar en internet.
- 2.- Posibilitan e potencian a participación e a interactividade do visitante.
- 3.- Crean un sistema de almacenamento e organización da información.
- 4.- Permiten o uso da sindicación de contidos (rss) doutros blogs.

## Actividades de información académica e profesional

Durante os primeiros meses do curso realizamos unha avaliación de necesidades de información académica e profesional do alumnado para, posteriormente, dar resposta as demandas –mediante a elaboración duna carpeta individualizada e coa axuda de internet-.

O blog de Orientación é un punto de partida no traballo de crear a nosa propia guía-blog de información académica. Explicamos ao alumnado a estrutura dos contidos –temos unha guía didáctica no propio blog de Orientación que nos axuda-, a maneira eficaz de buscar e atopar aquilo que lles interesa (buscador interno) e a necesidade de atender a distintos criterios para comezar a aprender a tomar decisións.

Outra posibilidade consiste en crear un documento no que se facilita unha selección de páxinas web ou blogs que pode responder –coas explicacións axeitadas- as súas necesidades de información académica (consúltese: <http://ataja.es/segundo> ).

Unha terceira proposta- non excluín-te- consiste en darlles a coñecer outras aplicacións (por exemplo unha que nos permite gardar e clasificar as nosas webs máis interesantes: <http://es.blinklist.com/dveiga>) e a usalas de maneira eficaz.

## Algunhas reflexións para rematar

Os blogs posúen moitas e boas cualidades pedagóxicas que temos que aproveitar nas aulas. Para elo, é necesario \_como condición primeira\_ potenciar a formación do profesorado e a dos orientadores/as nos centros de ensino (1).

Hai que predicar co exemplo: crear blogs e traballar con blogs de maneira planificada e reflexionando sobre as súas virtudes e as súas limitacións, sobre todo, na aula.

(1)

<http://recursosapoegal.blogia.com>

<http://curso20062007.blogia.com>

# Contacta con nós

## Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia

Páxina web: [www.apoegal.com](http://www.apoegal.com)

Correo electrónico da asociación: [apoegal@yahoo.es](mailto:apoegal@yahoo.es)

Todas as túas propostas, artigos, experiencias ou colaboracións serán benvidas.

**Recorda que se te fas socio de APOEGAL  
a inscrición no III Encontro Nacional de Orientadores  
sairache máis económica.**

**E, sobre todo, formarás parte dunha asociación profesional  
que defende e promove a Orientación Educativa  
en tódalas súas vertentes.**



**¡BO NADAL!**

### Consello de Redacción:

---

Ana Torres Jack (Deseño, Coordinación e Textos)

Eduardo Ares Vieito